

Bye Bye Glories

LUMPEN · PACHANGA
& ROCK'N'ROLL

COMPAÑÍA OBRAS PÚBLICAS

Bye Bye Honey

LUMPEN PACHANGA
& ROCK 'N' ROLL

COMPAÑÍA OBRAS PÚBLICAS



Un musical de clase baixa

“Bye, Bye, Honey” é un espectáculo de teatro musical de clase baixa, denominado así polo entorno social no que se desenvolve a historia

“Bye, Bye, Honey” é un espectáculo duro, ácido e descarnado, como o lugar onde está ambientado e como a vida dos personaxes dos que fala, pero tamén como a vida, no espectáculo hai tempo para o humor, para o amor, e por suposto, para a música e as cancións interpretadas en directo. “Bye, Bye, Honey” ofrece unha galería de personaxes que se moven nun mundo poucas veces trasladado ós escenarios. Un mundo que existe cerca de nós, pero que rara vez temos a ocasión de contemplar en profundidade, fóra de tópicos e arquetipos.

“Bye, Bye, Honey” conta a historia de Marta, unha rapaza de barrio, que non é un anxo nin é un demo, e que cando decide deixar a súa casa e a súa familia emprende un camiño incerto e perigoso, rodeada por todas partes de “Lumpen, pachanga e rock ´n roll”.

Ambiente de barrio urbano

Bye, Bye, Honey” está ambientado nun barrio urbano da periferia dunha cidade galega, aínda que ben podería ser calquera cidade do mundo, e no que chocan diariamente dúas forzas opostas: por unha banda a falta de expectativas de futuro, que tira da xente cara abaixo e os empurra polo lado máis escuro da vida, cheo de depresión, alcohol, drogas e violencia, e por outra o espírito de supervivencia, que empurra en dirección contraria, cara arriba, a intentar saír dalgunha maneira para adiante incluso cando as situacións son máis adversas. E nese choque de forzas se atopa Marta, a protagonista do espectáculo, que camiña pola delgada liña que separa os que caen dos que conseguen sobrevivir. A conclusión da historia dirá en que lado queda, aínda que os finais das historias non son máis que os comezos de outras que agardan a ser contadas.

Linguaxe directa e contundente

“Bye, Bye, Honey” utiliza unha linguaxe directa, contundente e sen artificios, tanto no que respecta ós diálogos dos personaxes, como na posta en escena, e tamén na música que utiliza.



Un musical variado

As cancións interpretadas en directo son a constante que acompañará á historia e ós personaxes, con música que abrangue estilos musicais diversos e variados, desde rancheiras ata heavy metal, desde o blues ata o gospel, ou desde a pachanga ó rockn´roll. Música variada para emocións variadas polas que o espectador irá pasando minuto a minuto, descubriendo así que aínda que quizais ese mundo marxinal que lles amosamos lles resulte en principio alleo, as emocións dos personaxes que por alí transitan son nítidas e compresibles para calquera que queira pararse un anaco a observalas.



O proxecto

A compañía Obras Públicas, logo de xirar durante máis de dous anos co espectáculo “Life is a Paripé” e acadar recoñecementos en forma de premios como os de mellor actriz protagonista e mellor música orixinal nos “Premios María Casares”, logo de estar nomeados como mellor espectáculo revelación nos “Premios Max”, e de obter importantes resultados en encontros internacionais como no prestixioso “Festival del Sur. Encuentro teatral tres continentes” en Agüimes, Gran Canaria, foron designados pola Asociación de Actrices e Actores de Galicia para realizar a Gala de Entrega de Premios María Casares 2012, onde empezou a colaboración coa banda de músicos que agora de novo continúa neste novo espectáculo. O éxito da experiencia compartida na gala de premios fixo xurdir a idea de ir máis alá e empezar a dar forma a un espectáculo de teatro musical. Os tempos que corren non eran os mellores para un proxecto tan ambicioso, pero a implicación dos colaboradores dos distintos sectores artísticos e técnicos que participan nesta produción fixo posible a realización final do espectáculo.

O equipo

Autor e Director

Jose Prieto

Máis de cincuenta obras escritas e representadas. Máis de vinte espectáculos dirixidos. Dous premios MAX ao mellor autor en lingua galega e un premio María Casares ao mellor texto orixinal.

Intérpretes

Iolanda Muíños

Faise coñecida para o gran público galego polos séus personaxes en series como Libro de familia, Padre Casares, Efectos Secundarios, ou Escoba. Gran parte da súa carreira é desenrolada no teatro, e no musical, traballando con directores como Xúlio Lago, Cándido Pazó, Jose Prieto, Roberto Vidal Bolaño, Lino Braxe, Quico Cadaval, é en espectáculos de gran proxección como Galicia Caníbal, e Hamlet xunto a Luís Tosar e Manuel Manquiña. Nominada 5 veces ós premios María Casares e premiada como protagonista, fixo tamén intervencións en produccións a nivel nacional, los Serrano, Trece Badaladas, ou Mar Adentro.

César Goldi

Actor con mais de 20 anos de experiencia, vímolo como o malhumorado sarxento Basilio en “Luna, el misterio de Calenda”. No teatro salientar os musicáis ”A Ópera dos 3 reás” do Centro Dramático Galego traballo polo que obtivo a nominación mellor actor secundario Mª Casares 2012 , “Life is a Paripé” de Obras Públicas, nomeado mellor actor protagonista no 2011 e “Hendaia mon Amour” de Bacana como Francisco Frango (mellor actor FETEGA 2007). Ademais traballou con outras compañías como Abrapalabra, Teatro do Morcego, A Factoría Teatro, Teatro Do Aquí, Ollomol Tranvía, Chévere, Contracontos, Magical Brothers. En televisión actor principal en “Cuarto sen ascensor” (Raúl),” Mareas Vivas” (Lisardo),” Un mundo de historias”, “Canalone”. Tamén colaborou en“Aída”, “Matalobos” “La Isla de los Nominados”. “Plutón verbenero”, “Cuéntame”, “El Comisario”, “O Nordés”, “Padre Casares”, “Libro de familia”, “Pepe o inglés”. Pronto verémolo como Xosé na serie diaria ”O Faro”. En cine participou nos filmes “El rey de los huevones” (Chile), “Un día en Europa” (Galicia-Alemania), “A noite que deixou de chover”, “A casa da luz”, “O ano da garrapata”.

Carlos Mosquera Mos

Actor, músico, compositor. Participou en series de televisión como: Nada es para siempre, Mareas vivas, As leis de Celavella, Fíos, Terras de Miranda, Libro de familia...etc. Traballou en musicais como, Galicia Canibal ou Glass City, espectáculos de teatro como Imperial Café cantante, O fútbol é así, Life is a paripé co que gañou xunto a Jose Prieto o premio María Casares á mellor música orixinal.



Composición musical

Carlos Mosquera Mos

Músicos

Ramón Orencio

Cantante, guitarrista e trompetista.Leva facendo músicas diversas dende o ano 1994 en grupos coma Miskatones,Aló Djangó Swing Band, Ruso Negro, O Coro da Rá, Fratelli Negroni e na actualidade como Mr. Cool acompañado ás veces dalgún Cool Hamster. Dende o 2000 traballa como músico e actor en diversas obras teatrais: Four Rooms, O país da comedia, Río Bravo 02, Imperial Café cantante, Noite de Reis, Glasscity e Smoke City.

Fran Facal

músico percusionista. Baterista en multitude de grupos de rock, pop, swing e blues dende 1989. Ten xirado por toda España ademáis de Portugal, Suecia, Inglaterra e Noruega. Participou no espectáculo cómico-musical Fratelli Negroni, durante 5 tempadas. Foi membro de bandas de escena en galas como María Casares, Curtocircuito ou a 1ª edición dos Camino de Santiago. Percusionista en grupos de afro-jazz, sesións de musicoterapia, yoga, meditación, actividades de percusión con nenos e adultos. Actualmente xira co grupo de rock&roll Doctor Gringo.

Chechu Mosquera

Se inicia en 1994 tocando el bajo eléctrico en numerosas formaciones como “La Mula” con Carlos Mosquera “Mos”; con el grupo “Window Pane” con los que ha grabado 4 álbumes para “Toopah Records” incluyendo la participación en un disco tributo en EE.UU a la mítica banda “Faith no More” en “Invisible Records” siendo la única banda española participante. Desde hace 6 años milita en la mítica formación de metal gallega “Wisdom” con los que ha grabado un álbum en 2010. En el mundo del teatro participa en la grabación de la música en 2008 para la obra de José Luis Prieto “O ridículo desamor dun home mais ou menos normal”, y ya en 2012 tocando el bajo en directo en la gala de los María Casares para T.V.G bajo la dirección, nuevamente, de J.L. Prieto.

O equipo Técnico

Deseño e Técnico de Iluminación:

Afonso Castro

Técnico de iluminación en numerosísimos funcións a longo dos últimos dez anos en Galicia, nas súas propias verbas “Sempre levarei na cabeza e no corazón tres espectáculos, A piragua co CDG, có que conseguín un María Casares, 30000 con Pisando Ovos onde a luz era unha personaxe que se movía pola escena e Periferia onde me subín as táboas para facerme valer como actor”.

Escenografía:

Obras públicas

Maquillaxe e perruquería:

Obras públicas

Vestuario:

Obras públicas

Técnico de Gravación e Sonido:

Pablo Costas

Entre os seus traballos mais significativos están para Teatro do Morcego: “Branca rosa e os piratas”, “Momo”, “O caso da rúa Lourcine”, “A gran ilusión”, “Os vellos non deben namorarse”, “Gurgullo”, “A función do tequila”, “O gato e Andoriña”, “American café”. Co Teatro de Ningures: “Troianas”, “Tartufo”. Con Miro Magariños: “Os xigantes”, “Unha pinga de mel”, “Pai ubu”. Con “Balea Branca: “O bico da muller araña”, “Hai carmela!!”, “Antaviana”, “Un tranvía de nome desexo”. Con Teatro Universitario: “Animaliños”. Ademais ten outros traballos coma: “O galego a mulata e o negro”, “La noche con Esther”, “El roce de las alas”, “Keima”, “Insolbentes”, Malena llena eres de gracia”...etc.

Dirección audiovisual:

Jorge Coira

director cinematográfico nacido en Rábade (Lugo)

A súa experiencia inclúe cine, televisión, vídeo e teatro. En televisión, ademais do seu labor en publicidade y videoclips, o seu traballo centrouse na dirección de series, participando no boom da ficción televisiva en Galicia, con series como Terra de Miranda, As Leis de Celavella e Padre Casares; así como a tv-movie Entre Bateas. E desde 2007, dirixe con frecuencia series de ámbito nacional como El Comisario, Piratas, RIS ou Pelotas. Outro dos terreos nos que máis traballou é o documental, onde destacan traballos televisivos como Chunda Chunda, Días de Reparto ou o documental de creación ¿Qué Culpa Tiene el Tomate?, que foi estreado no MOMA en Nova York en 2009. E no terreo do cine, tralos comezos en curtametraxes entre as que destacan Mofa e Befá en Gran Liquidación e O Matachín (esta última cun bo percorrido de festivais e premios internacionais), en 2004 estreou a súa primeira longametraxe: “O Ano da Carracha”. A súa seguinte película, “18 comidas” -estreada en España a finais de 2010-, leva recibidos numerosos premios, sendo seleccionada en máis de 30 festivais internacionais, e estreada en salas en máis de 10 países de todo o mundo. Nestes momentos, está preparando a súa próxima longametraxe: “A Lúa en Setembro”.

Operador de cámara:

Jaime Pérez

Operador de steadicam e director de fotografía con dilatada experiencia en longametraxes, series de televisión, publicidade...etc. As bobinas e vídeos dos seus traballos son a mellor das posibles presentación. (<https://vimeo.com/channels/jaimesteady>)

Deseño Gráfico

Caramuxo

A coñecida empresa de deseño galego con gran experiencia en traballos de promoción e merchandaising para Festivais, coma Reveidas ou terra da fraternidade, Grupos musicais, asociacións, clubs deportivos (celta de vigo) etc

Fotografía e Making off:

Xoque Carbajal

Actor e fotógrafo. Comeza a súa actividade profesional no ano 1989. No ano 1990 resulta premiado no certame “xuventude 90” da consellería de cultura. No ano 1993 encárganlle a fotografía da campaña nacional contra a drogodependencia, traballo que lle vale una nominación aos “Premios Goya de fotografía”. Esta nominación repítese dous anos despois por outra campaña publicitaria. No novo século, combina a fotografía co seu traballo como actor.

Produción Ejecutiva:

Carlos M. Carbonell

Enxeñeiro civil e máster en project management, depois de adicarse durante mais de dez anos ao sector da enxeñería iniciase na xestión cultural e debuta na produción teatral da man da Cía Obras Públicas con este musical “Bye, Bye, Honey”.

Agradecementos

A realización desta montaxe é posible grazas a confianza no proxecto de tódolos seus integrantes, así como as xenerosas colaboracións do **Padroado da Cultura do Concello de Narón, Concello da Illa de Arousa, Abrapalabra Creacións Escénicas, Ficción Producciones, Caramuxo, Jorge Coira, Jaime Pérez e Xoque Carbajal.**

A todos eles moitas grazas.



ficción



**"BYE, BYE HONEY" estrearse o
vindeiro 26 de outubro no auditorio da
Illa de Arousa**

ADIANTO CONTIDOS AUDIOVISUIAS

**Como adianto da obra e do tráiler que están a realizarse adxuntamos
enlaces a diferentes contidos audiovisuais como aproximación o
traballo que se está a preparar:
(prémase nos títulos).**

Teaser "Work in progress" escea.

Anticipo "Nunca é tarde"

Videos en Vimeo; contrasinal: **obras publicas**

Canción "Nunca é tarde"

Música en [Goear](#)

“A compañía Obras Públicas coa súa primeira montaxe
“Life is a Paripé” foi nomeada ao Premio Max como es-
pectáculo revelación “

“Life is a Paripé tivo mais de sesenta representacións e foi
vista por mais de dez mil espectadores”.

**Distribución e contacto:
Belén Pichel:
605 263 755**